



ORDENANZA FISCAL Nº 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1. Disposición xeral.

De conformidade co disposto no artigo 59, en relación cos artigos 60 ó 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter obrigatorio que se esixirá de acordo co previsto na dita lei e nas disposicións que a desenvolvan.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- α) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
- β) Dun dereito real de superficie.
- χ) Dun dereito real de usufruto.
- δ) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orden nel establecida determinará a non suxeición do inmovle ás restantes modalidades nel previstas.

Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovle non esgoten a súa extensión superficial, suposto no cal tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovle non afectada por unha concesión.

3. Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

4. No caso de que un mesmo inmovle se atope localizado en distintos termos municipais entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

5. Non están suxeitos a este imposto:

▲ As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.

▲ Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios en que estean enclavados:

-Os de dominio público afectos a uso público.

-Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

-Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.



Artigo 3. Exencións.

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de esparcemento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.
- h) Os bens inmobles urbanos cuxa cota líquida sexa inferior a 6,00 euros e o conxunto dos bens inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo cuxa cota líquida agrupada sexa inferior a 6,00 euros.

Cando o pagamento da cota se fraccione, os límites indicados refírense ao importe da cota anual.

- i) Os bens dos que sexan titulares, nos termos previstos no artigo 4º desta ordenanza, as entidades sen fins lucrativos e aquelas outras entidades recollidas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e de incentivos fiscais ó mecenado, nos supostos e cos requisitos que a citada lei e o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das mencionadas entidades, aprobado polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, establecen.

A aplicación da exención na cota deste imposto estará condicionada a que as entidades sen fins lucrativos comuniquen ó Concello que se acollen ó réxime fiscal especial establecido para tales entidades.

Exercitada a opción, a entidade gozará da exención nos períodos impositivos seguintes, en tanto se cumpran os requisitos para ser consideradas entidades sen fins lucrativos e mentres non se renuncie á aplicación do réxime fiscal especial.

2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

- a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado, sempre que o suxeito pasivo coincida co titular da actividade.
Esta exención deberá ser compensada pola administración competente.
- b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de



xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita Lei.

Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, ós que reúnan as seguintes condicións:

- En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou que a suxeición ao imposto a título de contribuínte recaia sobre o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

- c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

3. As exencións de carácter rogado producirán efectos no exercicio no que se soliciten, se a devandita solicitude se produce antes de que a liquidación do imposto adquira firmeza. No caso contrario, aplicaranse a partir do exercicio seguinte, a excepción da prevista no apartado 2.a) deste artigo, cuxa solicitude haberá de realizarse cada ano.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou en varios concesionarios, cada un deles serao pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionario de formalizar a obriga de declarar as circunstancias determinantes da alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles, salvo excepción en contrario, o ente ou organismo público ao que se ache afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo se atope a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos establecidos na ORDE EHA/821/2008, do 24 de marzo, ou outras que poidan aprobarse posteriormente.

A devandita remisión, que se realizará durante o mes de xaneiro de cada ano, estará referida a



todas as variacións que tiveran lugar no exercicio anterior, sempre que se manteñan na data da remuneración do Imposto sobre Bens Inmobles.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes ou organismos xestores dos bens inmobles de características especiais repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda en quen, non reunindo as condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. Para tal efecto a cota repercutible determinarase en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Para os bens inmobles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3. O concello emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible. Non obstante, cando un ben inmovle, ou dereito sobre este, pertenza a dous ou máis titulares poderase solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e domicilios do resto dos obrigados ao pagamento, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovle, e que a devandita cotitularidade conste no catastro inmobiliario.

Unha vez aceptada pola administración a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediatamente posterior, manténdose nos exercicios sucesivos mentres non se solicite a modificación destes.

A solicitude de división da débeda non producirá efectos nos recibos e liquidacións aprobadas, agás que se solicite no prazo establecido para a interposición da reclamación económico-administrativa ou do recurso potestativo de reposición, en cuxo caso procederá a división da cota tributaria entre os cotitulares se se cumpren os requisitos indicados.

Cando o suxeito pasivo do imposto sexa unha sociedade legal de ganancias en todo caso practicarase unha soa liquidación a nome dun dos socios. Nos supostos de separación matrimonial xudicial, anulación ou divorcio, con atribución do uso da vivenda a un dos cotitulares, pódese solicitar a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, a quen é beneficiario do uso, logo de acreditación do devandito extremo. Para estes efectos, deberá achegarse, xunto coa solicitude, o documento público que acredite a devandita atribución do uso.

Artigo 5. Responsables.

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



3. Nos supostos de cambio por calquera causa na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente ós comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obrigación subsista por non se achegar a referencia catastral do inmovible, conforme co apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ó pagamento da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme co previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e outras normas tributarias.

4. Responden solidariamente da cota de este imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

En supostos diferentes aos previstos no apartado anterior, a concorrencia de varios obrigados tributarios nalgún dos supostos constitutivos de feito imponible do imposto, previstos no artigo 2, determinará que queden solidariamente obrigados ao pagamento da débedas tributarias devengadas.

Artigo 6. Base imponible e base liquidable.

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme co disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións que legalmente correspondan.

3. A determinación da base liquidable, nos procedementos de valoración colectiva, é competencia da Xerencia Territorial do Catastro e será recorrible ante o tribunal económico-administrativo competente.

Unha vez transcorrido o prazo de impugnación previsto nas notificacións do valor catastral e da base liquidable nos procedementos de valoración colectiva sen que se utilizaran os recursos pertinentes, entenderanse consentidas e firmes as bases imponible e liquidable notificadas, sen que poidan ser obxecto de nova impugnación ó procederse á exacción anual do imposto.

4. O Concello determinará a base liquidable cando a base imponible resulte da tramitación dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, emenda de discrepancias e inspección catastral previstos nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 7. Cota e tipo de gravame.

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame correspondente, conforme ao establecido nos apartados 2, 3, 4 e 5 deste artigo.



2. O tipo de gravame será o 0,45 por 100 cando se trate de bens inmobles de natureza urbana.
3. Non obstante, establécense tipos diferenciados para os bens inmobles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións, o valor catastral que para cada un dos usos se recolle no seguinte cadro:

Uso	Valor catastral a partir do cal aplicárase un tipo de gravame diferenciado	Tipos de gravame diferenciados
Almacén – Estacionamento	100.000 €	0,53%
Industrial	100.000 €	0,53%
Oficinas	190.000 €	0,53%
Comercial	175.000 €	0,53%
Deportivo	165.000 €	0,53%
Ocio e Hostalería	800.000 €	0,53%
Sanidade e Beneficencia	900.000 €	0,53%
Cultural	2.100.000 €	0,53%
Relixioso	1.000.000 €	0,53%
Edificio singular	4.000.000 €	0,53%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por 100 dos bens inmobles do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral.

Cando os inmobles teñan atribuídos varios usos aplicárase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal.

4. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de natureza rústica será o 1,07 por 100.
5. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de características especiais será o 1,3 por 100.
6. A cuota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte.

Artigo 8. Bonificacións.

1. Terán dereito a unha bonificación do 90 por 100 na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a



aquel en que se inicien as obras ata o posterior á súa terminación, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para gozar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumpri-los seguintes requisitos:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante a presentación de certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT para os efectos do imposto sobre sociedades.
- c) A solicitude da bonificación débese formular antes do inicio das obras. Deberá achegarse fotocopia da licenza de obras ou do documento que acredite a súa solicitude ante o Concello.
- d) Copia do recibo anual do imposto sobre bens inmobles ou de documento que permita identificar sen dúbidas a situación e descrición do ben inmovible e que inclúa a súa referencia catastral.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme coa normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e xurdirá efectos, de se-lo caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 por 100 na cota íntegra do imposto, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa. Devandita bonificación será a seguinte:

- a) O 50 por 100 da cota íntegra do imposto, cun límite de 450 euros, para os titulares de familia numerosa na categoría xeral.
- b) O 60 por 100 da cota íntegra do imposto, cun límite de 575 euros, para os titulares de familia numerosa na categoría xeral, no caso de que algún dos integrantes da unidade familiar sexa discapacitado.
- c) O 80 por 100 da cota íntegra do imposto, cun límite de 750 euros, para os titulares de familia numerosa na categoría especial.
- d) O 90 por 100 da cota íntegra do imposto, cun límite de 900 euros, para os titulares de familia numerosa na categoría especial, no caso de que algún dos integrantes da unidade familiar sexa minusválido.

Só serán bonificables as cotas correspondentes aos inmobles que constitúan o domicilio da familia numerosa. A estes efectos considerarase vivenda habitual aquela que o sexa de conformidade coas normas reguladoras do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, aprobado por Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo).

Presumirase vivenda habitual aquela en que os titulares da familia numerosa figuren



empadroados. No caso de que non figuren empadroados en devandito inmovible, deberá acreditarse polo interesado a súa consideración como vivenda habitual por calquera medio de proba admisible en dereito e proceder ao seu empadramento, conforme a normativa aplicable. A bonificación esixe a previa solicitude do interesado. A esta solicitude deberá acompañarse copia compulsada do título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

O otorgamiento do beneficio fiscal terá efectos desde o exercicio en que foi concedida, sempre que se cumpran os requisitos esixidos na data de deveción do imposto.

A bonificación será outorgada ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa. En todo caso, a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación. Esta perda será aplicable ao exercicio seguinte a aquel en que se produza. A falta de comunicación polo suxeito pasivo a esta Administración de devandita perda da condición de familia numerosa terá a consideración de infracción tributaria, coa cualificación e sancións que determine a lexislación vixente en cada momento

5. Establécese unha bonificación do 2 por 100 da cota tributaria a favor dos obrigados tributarios que paguen as súas cotas exclusivamente a través de domiciliación bancaria. De non se realizar o pagamento por causas non imputables á Administración, procederase ao seu cobramento en vía executiva polo importe total da cota tributaria sen bonificar xunto coas recargas e xuros de mora que no seu caso correspondan.

A solicitude de domiciliación ou a súa modificación deberá realizarse con dous meses de antelación ao primeiro día do período voluntario de cobranza do tributo. No caso contrario, a bonificación producirá efectos no exercicio seguinte

Artigo 9. Obriga de contribuír e período impositivo.

1. O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade na aplicación deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 10. Xestión do imposto.

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello de Ourense e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.
2. O Concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens inmobles rústicos situados neste municipio.



3. O imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente, conterá a información relativa ós bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ó Concello antes do 1 de marzo de cada ano.

4. Os datos contidos no padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do Imposto sobre Bens Inmobles.

5. Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos a que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acorda-lo órgano xestor para os efectos de liquidación do imposto aplicado polo correspondente exercicio, deberán ser inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma establecida nos artigos 39 ó 43 do Real decreto 417/2003, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

As rectificacións comunicadas entenderanse confirmadas, para os efectos exclusivos da liquidación do imposto sobre bens inmobles, se antes do último día do mes seguinte a aquel no que se recibiron pola Dirección Xeral do Catastro, esta non adoptase resolución expresa.

6. As alteracións concernentes ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obrigação dos suxeitos pasivos de formaliza-las declaracións conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme co establecido nas súas normas reguladoras.

Artigo 11. Fraccionamento da débeda.

Establécese o fraccionamiento do pago das débedas tributarias de vencimiento periódico e notificación colectiva deste imposto en dous prazos, sen esixencia de intereses de demora, nos casos en que o pago realícese mediante domiciliación bancaria.

Unicamente poderá ser obxecto de fraccionamiento as débedas cuxo importe sexa inferior a 3.000 € e superior a 50 €.

O cobro do primeiro dos prazos realizarase o último día do período voluntario de cobranza e será por importe do 50 por 100 da débeda tributaria. O cobro do 50 por 100 restante realizarase tres meses despois do último día do período voluntario de cobranza.

De non realizarse o pago do primeiro dos prazos por causas non imputables á Administración, anularase automaticamente o segundo prazo de ingreso e procederase ao cobro da totalidade da débeda en vía executiva xunto coas recargas e xuros de demora que no seu caso correspondan. No caso de que a falta de pago por causas non imputables á Administración refírase ao segundo prazo, esixirase a parte da débeda correspondente a este segundo prazo en vía executiva xunto coas recargas e xuros de demora correspondentes.

Artigo 12. Infraccións e sancións.



En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final.

Primeira.- Esta ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Ourense, na sesión que tivo lugar o día 6 de outubro de 2006, elevándose a definitiva o 5 de decembro de 2006, e xurdirá efecto dende o 1 de xaneiro de 2007, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Segunda.- O texto da ordenanza transcrita é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo plenario do 24 de outubro de 2018, para rexer a partires do 1 de xaneiro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 298 do 31.12.2018).